ACTIVIDADE DE SEMANA SANTA

AGUILAR DE CAMPOO. XEOPARQUE LAS LORAS

Datas, do 24 AO 28 DE MARZO

ALOXAMENTO: Hotel Marqués de Aguilar. Aguilar de Campoo

Hora e lugar de saída: hora por determinar, (cedo pola mañá), diante da piscina universitaria.

Hora e lugar de regreso. 21:30, diante da piscina universitaria

CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:

Imos facer unha actividade de **sendeirismo** durante varios días así que é importante estar acostumado a camiñar.

As rutas en xeral son de dificultade media, hai que ter un bo estado de forma e estar habituado á práctica do sendeirismo.

É preciso levar calzado axeitado para o sendeirismo e que estea en boas condicións, así como **vestimenta axeitada** para facer a actividade.

A orde en que realizaremos as rutas dependerá das **previsións meteorolóxicas** xa que algunha das rutas, baixo condicións meteorolóxicas adversas, pode ser complicada.

Non é obrigatorio facer tódalas rutas, podedes quedar descansando no hotel algún día, ou facer outra cousa, pero será baixo a vosa responsabilidade.

A programación pode sufrir **cambios** ou variacións.

No hotel estaremos en réxime de media pensión, así que tendes que levar a **comida para as rutas**.

En todo momento debemos seguir de xeito estrito as **indicacións** dos guías. Durante as rutas, o guía que vaia diante será o que marque o ritmo e o grupo ten que ir detrás.

É aconsellable (non imprescindible) levar o bastón (ou bastóns) de sendeirismo

XEOPARQUE LAS LORAS.

A impoñente paisaxe do Xeoparque Las Loras, situado na Cordilleira Cantábrica —na zona norte das provincias de Burgos e Palencia—, acolle un patrimonio natural e cultural excepcional. Combina hábitats ben conservados cunha notable concentración de arquitectura románica, monumentos megalíticos e castros prerromanos. Esta conexión única entre a xeoloxía, a arte e o asentamento humano reflicte séculos de interacción cultural cun contorno xeolóxico singular.

Os visitantes quedan decontado impresionados polo potente impacto e a beleza natural destas paisaxes. As Loras preséntanse como enormes fortalezas naturais que se elevan a máis de 1.000 metros de altura; limitan coas chairas castelás e condúcennos a un territorio ancestral, habitado desde o Paleolítico. Vales fértiles, profundos canóns escavados polos ríos, labirintos rochosos, bosques de faias e carballos, e numerosas fervenzas de augas cristalinas enmarcadas en mesetas elevadas, combínanse para dar lugar a un dos contornos máis diversos do norte de España.
(máis información: geoparquelasloras.es)

QUÉ ACTIVIDADES FAREMOS?

Case todas as actividades serán dentro do Xeoparque, pero un día tamén nos achegaremos á zona máis oriental do parque natural da Montaña Palentina, o cal xa visitáramos hai dous anos

Actividades previstas no Xeoparque

1 Peña Amaya desde Amaya.

Lonxitude: 13 km. Dificultade: media. Desnivel: medio
A ruta da Peña Amaya é un dos percorridos máis emblemáticos do Xeoparque, xa que combina natureza, xeoloxía karstika, historia e paisaxe nun entorno espectacular.
Peña Amaya é un macizo montañoso cunha altitude de 1.377 metros, situado no noroeste da provincia de Burgos. O seu cumio é unha pequena meseta que ofrece vistas a unha vasta chaira cara ao sur: o comezo da comarca de Tierra de Campos. Atópase entre as localidades de Herrera de Pisuerga e Villadiego. (wikipedia)

2 Ruta da Paisaxe Protexida de Las Tuerces.

Lonxitude. 16Km Dificultade: media Desnivel: medio
A zona preséntase como un verdadeiro labirinto que abrangue aproximadamente 7 km², caracterizado por unha serie de formacións rochosas colosais de formas caprichosas. É posible atopar enormes «cogomelos» de pedra, pontes e arcos naturais, pasos estreitos e pequenas covas sombrías; todo isto conxúgase para crear unha paisaxe encantadora que convida á calma e á contemplación. O río Pisuerga serpea por este terreo, escavando

profundos desfiladeiros —como o canón de La Horadada—, que gozan dunha beleza paisaxística extraordinaria (máis info: palenciaturismo.es)

3 Ruta da Paisaxe Protexida de Covalagua

Lonxitude: 14 km. Dificultade: media. Desnivel: medio.

Este sitio é un magnífico exemplo de formación cárstica, onde a auga esculpiu unha paisaxe xeolóxica complexa en rocha calcaria do Cretáceo. Un dos elementos máis destacados é o manancial de Covalagua —que dá nome á zona—, onde o río Ivia xorde nunha serie de pequenas fervenzas tras percorrer as entrañas do altiplano. Esta extensión calcaria elevada é case horizontal, e os seus bordos abruptos e verticais serven como excelentes miradoiros cara ao norte. (palenciaturismo.es)

4 Ruta de Peña Lora e fervenza de Yeguamea

Lonxitude: 15 km. Dificultade: media. Desnivel: medio.

Esta ruta comeza en Fuenteodra e nos leva á fervenza de Yeguamea, un espectacular manancial de auga na rocha. Mais adiante, subindo, acadamos o alto da meseta e altiplano que conforman a Peña Lora. É unha ruta moi interesante pola súa paisaxe, morfoloxía e características orográficas

Actividade prevista no Parque Natural da Montaña Palentina

5 Ruta de Monte Mayor en Brañosera.

Lonxitude: 15 km. Dificultade: media. Desnivel: medio.

O Monte Mayor de Salcedillo é unha das masas forestais máis salientables do Parque Natural da Montaña Palentina, situado no seu extremo oriental. Cunha extensión de máis de 500 hectáreas, constitúe un valioso exemplo de bosque atlántico mixto dominado por faias e carballos albar, xunto con bidueiros, acivros, abeleiras e diversas especies de sorbeiras. O Monte Mayor serve tamén de refuxio para unha fascinante variedade de fauna, que inclúe o picapau mediano, o lobo ibérico e o oso pardo. Ademais, a zona é testemuña dunha longa historia de aproveitamento humano dos recursos, como demostran os diversos vestixios históricos que se poden atopar ao longo do camiño. O itinerario discorre polo Monte Mayor a través dunha ruta circular; aínda que se pode comezar en Salcedillo, existen tamén puntos de acceso alternativos no Alto de Grullos (entre Brañosera e Salcedillo) e en Valberzoso, todos eles conectados co sendeiro principal. Cada un destes lugares ofrece os seus propios puntos de interese singulares.
(Parque Natural Montaña Palentina)

*** As actividades inicialmente previstas están pendentes de ser revisadas. Se finalmente houbese que modificar algunha por non acadar os niveis de seguridade e interese da mesma, sería substituída por outra similar en canto a dificultade e lonxitude.**